

ACTA Nº 4

Durán Barbosa, Rafael
Maceiras García, M^a Lourdes
Novegil Souto, José Vicente
Núñez Ocampo, Marina

Desculpan a súa ausencia:

García Pomar, Dionisio
Ferreira Troncoso, Gladis

Na Sala de Xuntas da Facultade de Fisioterapia, sendo as 14,00 horas do día 5 de xullo de 2017, e en convocatoria única, procédese a celebrar a Xunta Ordinaria da Comisión Ambiental, convocada por orde do Presidente.

Asisten os membros relacionados á marxe esquerda, co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**
- 2. Informe do Presidente.**
- 3. Avaliación das actuacións levadas a cabo para cumprir os obxectivos do Plan de Acción do Green Campus no pasado curso 2016-2017.**
- 4. Elaboración e aprobación, se procede, de accións para levar a cabo na Facultade e dende ela no curso 2017-2018, dentro do compromiso adquirido e asumido co Programa Green Campus, de cara a informar, sensibilizar e fomentar a participación do PDI, alumnado e PAS neste programa.**
- 5. Outros asuntos.**
- 6. Rogos e preguntas.**

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Apróbase por asentimento a acta 3 (correspondente á xuntanza ordinaria do 8 de novembro de 2016).

2.- Informe do Presidente.

O Presidente dá a benvida aos novos membros da Comisión Ambiental, aprobada na Xunta de Centro do día 28 de xuño de 2017.

O Presidente, e Decano da Facultade, explica que, ao haber un novo equipo decanal, as súas intencións son: continuidade e simplicidade, e afirma que apoiará as iniciativas que xurdan na facultade en torno ao Green Campus.

3.- Avaliación das actuacións levadas a cabo para cumprir os obxectivos do Plan de Acción do Green Campus no pasado curso 2016-2017.

O Presidente dálle a palabra á secretaria da comisión, profesora Maceiras. Esta propón que se analicen as actuacións que se estableceran na Xunta anterior, do 8 de novembro do 2016, para comprobar se se cumpriron ou se falta algo por facer.

Dentro do obxectivo 7: “Participación, sensibilización e voluntariado ambiental”, do *Plan de Acción do Green Campus para o curso 2016-2017* (elaborado pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra), estaban asignadas á Facultade de Fisioterapia as seguintes accións:

7.14. *Compromiso medioambiental “Eco-docentes e eco-estudantes”*: explicóuselle ao profesorado e ao alumnado o compromiso, e houbo respostas que propoñían a posibilidade de asinalo virtualmente, en vez de nunha folla de papel. En xeral foi ben acollido; e, aínda que soamente dous profesores asinaron a folla e a puxeron na porta do despacho, varios máis dixeron que asumían os compromisos, pero que non ían colocar a folla na porta; outros comentaron que uns puntos si que os cumprían, pero que outros custáballes máis. En xeral, comprobouse que, en maior ou menor medida, unha boa parte do profesorado e do alumnado, intentaba cumprir algúns dos puntos do eco-compromiso xa antes de implantalo na facultade (reciclaxe, apagar as luces ao saíren dos recintos, reutilizar os folios por ambas caras, utilizar pdf en vez de papel...). Por outra banda, solicitóuselle ao xerente da Área de Planificación do Campus de Pontevedra, e coordinador do Green Campus, Celso Cancela Outeda, que *exportaran* esta acción, dende a Vicerreitoría, ao resto de facultades deste Campus e dos outros dous Campus desta Universidade.

7.15. *Enquisa sobre alimentación saudable nas máquinas expendedoras*: está feita e pendente, nestas datas de apuros de fin de curso, de elaborar o informe final.

7.16. *Enquisa “Como de Green é o teu Campus?”*: a Vicerreitoría vai levar a cabo unha enquisa, para todo o Campus, de avaliación do Green Campus; así que imos unírnos a esas respostas, que supomos que eles avaliarán por facultades (entre outras variables); cabe a posibilidade, para o curso que ven, de traballar co noso alumnado unha avaliación ambiental e accións a levar a cabo para que o noso Campus sexa máis Verde.

Dentro do *Plan de Acción do Green Campus para o curso 2015-2016*, dentro do obxectivo 7: “Participación, sensibilización e voluntariado ambiental”, había unha acción prevista para a nosa Facultade: “7.10. Saúde pública e medio ambiente: perigos ambientais (sesión

divulgativa do impacto da contaminación na saúde pública)", que non foi levada a cabo no seu momento. Intentouse levar a cabo neste curso 2016-2017, pero foi imposible coordinar aos tres relatores da mesa redonda. Así que se lle propuxo ao coordinador do Green Campus, que organizaran esta acción dende a Vicerreitoría, no segundo cuadrimestre do curso 2017-2018, para garantir unha afluencia importante na asistencia; dende a Facultade de Fisioterapia, imos facer outra vez o contacto cos relatores.

Fóra xa do *Plan de Acción do Green Campus*, leváronse a cabo outras accións:

* Ademais de informar aos catro cursos da facultade, a través da FaiTIC, sobre o programa Green Campus en diversas materias, na materia de Saúde Pública explicouse especificamente que é o Green Campus, incluído na estratexia da OMS *Saúde Para Todos no século XXI*, e, dentro dela, no proxecto *Cidades Saudables* (o tema está na FaiTIC); este tema foi obxecto de preguntas no exame final. Tamén se subiron á FaiTIC, en Saúde Pública, os compromisos eco-docentes e eco-estudantes.

* Curso de Mindfulness: o profesor Novegil intentou realizar unha experiencia piloto co seu alumnado de 4º, pero o que si era realizable en teoría no programa, non o foi na práctica polo horario e a asistencia do alumnado.

* Pedíuselle o logotipo do Green Campus á Vicerreitoría de Campus, e está incluído nos documentos xerados por esta Comisión e na web da facultade no apartado da Comisión Ambiental, xunto co logotipo da Rede Española de Universidades Saudables (REUS) (na web). Tamén se colgaron da web dous documentos en pdf: un da Universidade de Zaragoza, *¿Cómo mejorar la salud en tu puesto de trabajo?*, e outro da REUS, *Recetas de temporada: verano*.

* Pedíronselles, á Vicerreitoría de Campus, os horarios dos servizos de transporte público; responderon que era mellor que nos puxéramos en contacto directamente coas estacións de autobuses e de trens, para telos actualizados, e, dende elas, responderon que soamente estaban actualizados nas súas webs, así que puxemos ambos enlaces na nosa web.

* Continúase informando no taboleiro, no espazo do Green Campus, das novidades e accións existentes, e tamén cos contedores de reciclaxe e a recolleita de tapóns.

* Continúase a enviarlle a todo o profesorado da Facultade (tamén ao profesorado de Estancias Clínicas, que habitualmente non veñen polo centro) as actas anteriores e a convocatoria desta Xunta, coa finalidade de que estea enterado do que se vai proponendo e facendo.

4.- Elaboración e aprobación, se procede, de accións para levar a cabo na Facultade e dende ela no curso 2017-2018, dentro do compromiso adquirido e asumido co Programa Green Campus, de cara a informar, sensibilizar e fomentar a participación do PDI, alumnado e PAS neste programa.

O Presidente dálle a palabra á secretaria da comisión, profesora Maceiras. Esta retoma ideas aportadas por diversos membros da Facultade de Fisioterapia e as comenta cos presentes.

Despois dun tempo de reorganización desas ideas e aportación doutras novas, hai varias propostas para levar a cabo o curso que ven, e comunicalas á Comisión de Xestión Ambiental do Campus para a súa posible realización:

1.- Froita de casa na casa: contactar con persoas dos arredores do Campus que teñan árbores froiteiras e que vendan a súa froita; por un módico prezo poderíanse conseguir froitas durante todo o ano, que estarían nunha cesta en conserxería, de xeito que todo o persoal da facultade (PDI, alumnado, PAS, persoal de limpeza...), mesmo visitantes, puidese coller froita ao longo do tempo que pasa no centro.

2.- Curso de Mindfulness: reintentar levalo a cabo o curso académico que ven; estaría dado polo profesor Novegil para todo o Campus.

3.- Clases de zumba no Campus: combinar o exercicio físico coa diversión sempre foi unha boa idea; habería que buscar alguén que as dera.

4.- Canicross no Campus: pódesele ofertar ao persoal do Campus, e aos centros educativos de Pontevedra, a oportunidade de participar nun obradoiro de actividades con cans; estaría dado por Óscar Piñeiro, campión de canicross e alumno desta facultade.

5.- Castelos de area: obradoiro dado polo profesor Novegil e con varias posibilidades de poboacións diana:

-- O alumnado da Escola Infantil do Campus: témonos que informar de se teñen un areeiro ou non, nel farían os castelos; se non o teñen, a xente de Forestais podería facerlles un.

-- Nenas e nenos participantes no Campus Camp: tendo en conta a súa idade e as datas nas que se celebra, os castelos poderían facerse na praia fluvial, que, de feito, está en terreo da Xunqueira transformada en Campus.

-- Persoal do Campus de Pontevedra: habería que pensar nunhas datas e horas nas que se lle puidera ofertar este obradoiro, e habería que saber canta xente estaría interesada en pasar un tempo entretida ao aire libre.

6.- Obradoiro de elaboración de xabóns artesanais: para a xente do Campus, e, se se puidesen facer varios, podería ofertarse tamén aos centros educativos de Pontevedra; estaría dado por Daniela Puga, alumna desta facultade, pertencente a un grupo de alumnado de pregrao que colabora no proxecto de investigación “As augas do Camiño Miñoto Ribeiro”.

7.- Queremos SaudArte dende o Green Campus: retomar a idea do chamamento de Arte Postal que se fixo no curso 2010-2011, pero agora, en vez de facer imaxes e textos sobre saúde, facelos sobre o Green Campus, e, en vez de que estea dirixido a toda a sociedade, dirixilo ao alumnado de Fisioterapia; podería invitarse tamén a participar aos centros educativos de Pontevedra; faríase dende a Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública.

8.- Plantar árbores froiteiras no Campus, e non só ornamentais. Gustaríanos ter, por exemplo, ademais do castiñeiro de Indias, un castiñeiro galego, que nos dea castañas, así poderíamos facer tamén un magosto no Campus cando sexa o tempo... Pódense plantar maceiras, pereiras...; dentro das maceiras hai subespecies que dan froito ao longo do ano, poden *estacionarse* e teríamos froita todo o ano.

9.- Noutra orde de cousas, o profesor Novegil comenta que, tendo en conta que ademais dos tapóns tamén serven as partes de abaixo deles e outros obxectos de plástico duro, habería que pensar en poñer outro recipiente no que se poidan botar, porque a caixa que hai para tapóns é pequena e ten unha boca de entrada estreita; quédase en ter dispoñible a bolsa onde se botan despois eses tapóns, que é máis grande, e tamén subir un pdf á web que explique todo o que se pode recoller dese tipo de plástico, e darlle publicidade entre o alumnado e profesorado. Ademais, comenta que hai unha campaña, en certos medios, de explicación de reciclaxe por separado de certos obxectos, como son, por exemplo, as bolsiñas de te, nas que se separan e reciclan por separado as bolsas, os fíos e as grapas, así que se queda en subir á web un enlace dun vídeo que o explica, e espallar tamén esa información entre a comunidade da nosa facultade.

Apróbanse todas as propostas.

5.- Outros asuntos.

Non hai.

6.- Rogos e preguntas.

A Sra. Núñez pregunta se vai a haber renovación dos membros da Comisión Ambiental da Facultade que van formar parte da Comisión de Xestión Ambiental do Campus de Pontevedra. A profesora Maceiras respóndelle que de PAS e PDI quedan as que estaban: de PAS Marina Núñez Ocampo, e de PDI M^a Lourdes Maceiras García, e que o decano, que pertence “de oficio” á devandita Comisión, si que cambia, porque xa non é o que estaba o curso pasado, senón que o actual é Rafael Durán Barbosa.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14,45 h.

A secretaria

O presidente

M^a Lourdes Maceiras García

Rafael Durán Barbosa